



12

Un anaco despois, a noticia correra de boca en boca e o porto fería de xente que non quería perder o espectáculo. Catro naves quedaron ancoradas a unha certa distancia para deixarlles sitio aos barcos de pesca que, aquel día, non espertaban o interese de ninguén. A nave capitá, maxestosa, entrou no porto baixo a atenta mirada de Abel que, case sen se decatar, se acercou paso a paso, como atraído por un imán.

A pasarela do barco tocou o **peirao** e uns cantos homes baixaron á terra. Mentres a xente da vila os arroteaba, desexosa de lles vender as súas mercadorías, Abel achegouse á nave e quedou chanta-do en fronte, contemplándoa. Acariciaba coa mirada o buque brillante e os **mastros** esveltísimos, o **velame** orgulloso e as **grosas maromas** e, sen se decatar, suspiraba de cando en vez coma se lle faltase o aire.

Desde o alto do barco, o capitán observaba aquel rapaz con moita atención. De alí a un pouco, ao velo que continuaba mirando, sacou o corpo lixeiramente pola borda e berrou tan forte como puido:

–Ei, ti!

Abel, sobresaltado, ergueu a cabeza.

–Chámame a min?

–Si, a ti. Parece que che gusta o meu barco... Queres subir a botar-lle unha ollada?

Abel tardou uns cantos segundos en reaccionar. Pero despois co-reu pasarela arriba co corazón latexando e cos labios abertos debuxando un sorriso. A continuación lanzouse aos pés daquel descoñecido.

–Grazas, capitán...

–Magalhães –contestou o capitán–. E ti es...?

–Abel, señor. Para servilo. Sabe? O que máis me gustaría do mundo é viaxar nun barco coma este e vivir moitas aventuras!

O capitán Magalhães, riseiro e sorprendido por aquela resposta, ensinoulle o barco desde a proa ata a popa e de babor a estribor. Acabada a visita, cando Abel xa sentía que se lle paraba o corazón por ter que abandonar o barco e os seus soños de aventura, escoitou de súpeto unha frase que lle cambiou a vida. O capitán Magalhães murmurou:

–Se queres, aínda nos fai falta un **grumete**...

Abel despediuse da familia e dos amigos aquela mesma noite: ao día seguinte marchaba a dar a volta ao mundo ás ordes do capitán Magalhães! E, sabes que?, segundo din as lendas que aínda se contan na vila, viviu tantas aventuras como el mesmo desexou. Ou aínda máis!

TERESA BROSETA

enxergábase: víase ao lonxe
sen distinguilo ben.

peirao: parte do porto onde
se embarca e desembarca.

mastros: postes de madeira
colocados en posición vertical
nun barco.

velame: conxunto de velas.

maromas: cordas moi grosas.

grumete: mozo aprendiz
de mariñeiro.

FICHEIRO ORTOGRÁFICO

Escribe unha oración
con cada unha destas
palabras da lectura.

raía

capitá

maxestosa

179



179

